


Grupo A outubro 24- xaneiro 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M^a JOSÉ TRINCADO. MERA



MONOGRÁFICO CLÁSICOS ATEMPORAIS E ELOXIO AOS QUE SE FORON

QUE MODERNOS SON OS CLÁSICOS! Un libro convértese en atemporal cando sempre ten algo novo que contarnos.

LIBRO 1: EL EXTRANJERO, de Albert Camus. 21/10/24

Este libro, capital para a cultura do século XX, transcorre en Arxelia e narra a anodina vida de Meursault, un oficinista novo que vive en perpetua apatía. Cando recibe a noticia do falecemento da súa nai, encaixaa con gran impasibilidade. Obrigado a abandonar a capital e viaxar para asistir ao funeral, Meursault desexa que a cerimonia sexa breve para regresar a súa casa. Esa indiferenza existencial marca os seus días, avanzando sen reaccionar á morte da súa nai, ao afecto da súa amada e nin sequera a un crime que cometerá con idéntica desidia, incapaz de ver o alcance moral dos seus actos.

LIBRO 2: CIRCE OU O PRACER DO AZUL, de Begoña Caamaño. 11/11/24

Unha muller leva once anos agardando polo retorno do seu home. Cando comeza a temer a probable morte do marido, recibe a carta dunha estraña, unha muller misteriosa que a informa de que o seu marido non está morto, senón que vive con ela un romance apaixonado. A partir de aí vaise tecendo unha relación epistolar entre as dúas; o home dunha e amante doutra acábase convertendo só no pretexto que vai unir para sempre o destino das dúas mulleres.

LIBRO 3: ANCHO MAR DE LOS SARGAZOS, de Jean Rhys. 9/12/24

Antoinette Cosway busca crear un mundo propio, a medias entre os modais distinguidos da súa familia británica e as misteriosas vidas dos illantes xamaicanos. Un mozo inglés casa con ela, pero despois do matrimonio comezan a circular inquietantes rumores sobre o comportamento da súa esposa.

A principios de 1940, Jean Rhys leu por primeira vez *Jane Eyre*, de Charlotte Brontë, e decidiu rendirlle o seu peculiar tributo imaxinando tamén a historia dunha muller tentada pola loucura. *Os Sargazos*, a novela que por fin, xa no ano 1966, concedeu a Rhys o aplauso unánime da crítica e do público.

LIBRO 4: EL CORONEL NO TIENE QUIEN LE ESCRIBA, de Gabriel García Márquez. 13/01/25

«O coronel destapou o tarro do café e comprobou que non había máis dunha cullerada. Retirou a olla do fogón, vertiu a metade da auga no chan de terra, e cun coitelo raspou o interior do tarro sobre a olla ata que se desprenderon as últimas raspaduras do po de café revoltas con óxido de lata. Mentres esperaba a que fervea a infusión, sentado xunto á cociña de barro cocido nunha actitude de confiada e inocente expectativa, o coronel experimentou a sensación de que nacían fungos e lirios venenosos nas súas tripas. Era outubro. Unha mañá difícil de sortear, incluso para un home como el que sobrevivira a tantas mañás como esa. Durante cincuenta e seis anos -dende que rematou a última guerra civil- o coronel non fixera nada distinto de esperar. Outubro era unha das poucas cousas que chegaban.»

BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO
DE OLEIROS/TERTULIAS LITERARIAS DE
OUTUBRO 24 – XANEIRO 25

/ BIBLIOTECA P. MUNICIPAL
M^a JOSÉ TRINCADO. MERA

GRUPO A